



## Concello de Mazaricos

Asunto: Contratación dos integrantes da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais.

### **DECRETO DE ALCALDÍA.**

Visto o expediente instruído para a contratación da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Mazaricos e cuxas bases reguladoras foron aprobadas por resolución de esta Alcaldía de data 18 de xuño de 2015.

Resultando que efectuada a convocatoria na mesma resolución antes citada e solicitada, ao Servizo público de emprego, a remisión de unha lista de persoas para acceder ás prazas convocadas, éstas persoaronse no concello e presentaron as correspondentes instancias axustadas ao modelo que figura como anexo I ás bases que rexen no presente proceso selectivo.

Visto que aprobada a lista de admitidos e excluídos procedeuse a cumprimentar o sistema selectivo previsto nas bases, que prevee a previa superación de unha proba práctica relacionada cos coñecementos sobre a operatividade do tractor- desbrozadora ou pericia no seu manexo.

Visto que conforme ás resolucións de Alcaldía de datas 13 de xullo, de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos, determinación dos membros do tribunal calificador e de fixación das datas de celebración da proba práctica e de valoración dos méritos, de 14 de xullo, de modificación das datas previstas para a celebración da proba práctica e de valoración dos méritos dos aspirantes, e de 16 de xullo, de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, a proba práctica de manexo do tractor realizouse no día de hoxe.

Visto o resultado da proba práctica de manexo do tractor que evidencia que na categoría de oficial de 2ª- capataz ningún dos aspirantes acadou a calificación de apto polo que non pode continuar o proceso selectivo.

Pola presente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Solicitar do Servizo público de emprego que remita unha nova lista de persoas que cumpran os requisitos para acceder á praza de oficial de 2ª-forestal que serán invitadas a tomar parte no procedemento selectivo de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por esta Alcaldía en data 18 de xuño de 2015.

Segundo.- Pospoñer a valoración dos méritos dos candidados que teñan superado a proba práctica de manexo do tractor desbrozadora inicialmente prevista para o vindeiro luns, día 20 ás 10:00 horas ata que se realice a proba práctica aos novos candidados remitidos polo Servizo público de emprego.

As novas datas para a celebración da proba práctica e valoración de méritos serán aprobadas por resolución de esta Alcaldía e debidamente publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.



## Concello de Mazaricos

Tamén será aprobada por resolución de Alcaldía e publicada a nova lista de admitidos e excluídos na categoría de oficial de 2ª que resulte do novo listado que sexa remitido polo servizo público de emprego.

En Mazaricos a 17 de Xullo de 2014.

O ALCALDE – PRESIDENTE

Asdo. D. Juan J. Blanco Riveiro



A SECRETARIA, que dou fe.

Dª. Ana Mª Reyes Cambre:

